



Welfair™: certificación de bienestar animal en granjas de vacún de leite

Explicamos cales son os parámetros da metodoloxía de control Welfair™, que nace de acordo cos protocolos dos proxectos europeos Welfare Quality® e AWIN® (Animal Welfare Indicators), froito de 15 anos de investigación e do traballo de máis de 500 científicos de diferentes países da Unión Europea e América Latina.

Aranzazu Varvaró, Aida Xercavins, Joaquim Palliser, Antoni Velarde, Antoni Dalmau
Programa de Benestar Animal (IRTA), Xirona (España)

INTRODUCCIÓN

O bienestar nos animais de produción é un tema de interese crecente entre os consumido-

res, os cales cada vez máis demandan etiquetaxes facultativas que aseguren a orixe dos produtos e teñan en conta o benestar animal.

O sector da produción animal leva moitos anos realizando constantes esforzos para adaptarse aos requirimentos éticos dos consumidores, consciente da importancia do benestar animal sobre os resultados das súas producións e da calidade dos

alimentos que producen. Cabe destacar que a lexislación europea potenciou a regulación e o cumprimento duns estándares que a identifican como unha das máis esixentes en materia de benestar animal.

Os consumidores esixen garantías de que iso é así e é neste punto onde a certificación se constitúe nunha ferramenta garante sobre os alimentos que se adquieren e consomen. A certificación Welfair™ en benestar animal xurdiu como unha nova metodoloxía de control para o sector produtor que achega unha maior transparencia e información e permite asegurarlle ao consumidor que un determinado produto foi obtido

► A CERTIFICACIÓN WELFAIR™
XURDIU COMA UNHA NOVA
METODOLOXÍA DE CONTROL
PARA O SECTOR PRODUTOR
QUE ACHEGA UNHA MAIOR
TRANSPARENCIA E INFORMACIÓN

con base na aplicación dunha serie de medidas estandarizadas e consensuadas a nivel europeo, que velan polo benestar animal en todo o ciclo produtivo.

COMO SE AVALÍA O BENESTAR?

A certificación baséase, de forma pioneira, nos protocolos dos proxectos europeos Welfare Quality® e AWIN® (Animal Welfare Indicators), froito de 15 anos de investigación e do traballo de máis de 500 científicos de diferentes países da Unión Europea e América Latina.

O benestar animal non ten unha única definición universal, senón que se trata dun concepto que debe abordarse cun enfoque multidimensional que inclúa diferentes compoñentes. Ao mesmo tempo, para que un sistema de avaliación sexa adecuado para ser utilizado en granxas comerciais debe cumprir os seguintes requisitos: incluír medidas que sexan fiables (resultados repetibles), válidas (que midan realmente o que pretenden medir), precisas (con rangos de avaliación claramente establecidos), que sexan facilmente utilizables por per-

soal debidamente formado, que requiran un tempo limitado de avaliación e que permitan ter un resultado final á saída da avaliación sen necesidade de pasos posteriores (tales como probas de laboratorio).

Baixo estas premisas, os proxectos Welfare Quality® e AWIN® desenvolveron uns protocolos con metodoloxía estandarizada e adaptados ás diferentes especies de consumo.

O punto de partida para desenvolver estes sistemas de monitorización foi definir o benestar animal baseándose en catro principios básicos: boa alimentación, bo aloxamento, boa saúde e comportamento apropiado, é dicir, para asegurar o benestar dun animal, a súa alimentación, aloxamento e saúde, así como a posibilidade de desenvolver un comportamento adecuado para que as necesidades da especie estean cubertas. Á súa vez, estes principios defínense de acordo con 12 criterios básicos, dentro dos cales se deben definir todas aquelas medidas de benestar (priorizando as baseadas nos animais) que permiten avalialo de forma global (táboa 1). ►►

Reck

Agratechnik Landmaschinen Iberica SL

www.reckiberica.es

José Antonio Rojo García
Tel. 678 432 835

27250 Castro de Rei - Lugo
joserujo@reckiberica.es
Tel. (+34) 982 314 037

DELEGADO TÉCNICO COMERCIAL
PARA ESPAÑA Y PORTUGAL:
MIKEL IRAZU - Tel. 676 897 112
E-mail: mikelirazu@reckiberica.es

B.J.O. ROJO, S.L.

Barrio da Cruz, 8 - Sta. Leocadia
Castro de Rei (Lugo)
Tel. 982 314 037 • Fax 982 314 904
E-mail: info@bjorojo.com

MERLO
CARGADORAS



STORTH
GESTIÓN DE PURINES



RECK



Stootsmid
EXPERTOS EN INYECCIÓN DE PURINES



- Importación de maquinaria seminueva agrícola/forestal desde los mejores proveedores de Europa y Estados Unidos
- Servicio técnico y asesoría para su inversión más rentable
- Más de 35 años de experiencia
- Con red de distribución en toda España

STORTI
CARROS MEZCLADORES



CONSULTE NUESTRO AMPLIO
CATÁLOGO DE MÁQUINAS
DE OCASIÓN EN NUESTRA
PÁGINA WEB

Táboa 1. Principios e criterios de benestar animal desenvolvidos no proxecto Welfare Quality®

PRINCIPIOS	CRITERIOS
Boa alimentación	1. Ausencia de fame prolongada
	2. Ausencia de sede prolongada
Bo aloxamento	3. Confort durante o descanso
	4. Confort térmico
	5. Facilitade de movemento
Boa saúde	6. Ausencia de lesións
	7. Ausencia de enfermidades
	8. Ausencia de dor inducida polo manexo
Comportamento apropiado	9. Expresión do comportamento social
	10. Expresión doutros comportamentos
	11. Boa relación humano-animal
	12. Estado emocional positivo

► O PUNTO DE PARTIDA BASÉASE EN CATRO PRINCIPIOS: BOA ALIMENTACIÓN, BO ALOXAMENTO, BOA SAÚDE E COMPORTAMENTO APROPIADO

TIPOS DE MEDIDAS PARA AVALIAR O BENESTAR ANIMAL

Os parámetros para a avaliación do benestar animal clasifícanse en dous tipos principais: medidas baseadas nas instalacións/manexo e medidas baseadas no animal.

As medidas baseadas nas instalacións e no manexo poden indicar se o ambiente/espazo é aceptable ou non para os animais. A maioría da lexislación en benestar animal está baseada na avaliación de medidas das instalacións ou do manexo, como o espazo dispoñible por animal, a presenza de material de enriquecemento ambiental, a provisión de auga e alimento, as condicións de luz, as condicións para ao transporte, condicións de chans e camas etc. No entanto, estas medidas teñen, en realidade, unha relación indirecta co benestar animal e están baseadas na asunción de que existe un nexo entre estes aspectos do ambiente e as súas consecuencias no benestar dos animais, é dicir, a pesar de que son medidas que poden chegar a ser moi importantes desde o punto de vista de benestar animal, só están a achegar información do risco que teñen os animais de sufrir un problema, pero non avalían o problema en si.

Pola contra, as medidas baseadas no animal avalían directamente o seu estado. Por exemplo, a presenza de buracos no chan pode ser considerado un factor de risco para o benestar (medida baseada nas instalacións), pero para avaliar o estado real dos animais pódese avaliar a presenza de feridas nas patas ou a

presenza de coxeiras (medida baseada no animal). A vantaxe das últimas é que reflicten o estado real dos animais. O inconveniente é que toman máis tempo e precisan de observadores mellor adestrados que aqueles que só deben inspeccionar se hai ou non buracos no chan.

Outra vantaxe das medidas baseadas no animal é que poden utilizarse en todos os sistemas produtivos e en calquera lugar do mundo, xa que un animal coxo o é no Brasil e en Finlandia, no medio dos Pireneos ou nunha granxa intensiva de Madrid. Non obstante, a necesidade de calefacción para as vacas pode ser unha necesidade indiscutible en Finlandia e non tanto no Brasil.

A CERTIFICACIÓN WELFAIR™

A certificación Welfare™ en benestar animal é o único certificado independente homologado polo Instituto de Investigación e Tecnoloxía Agroalimentarias (IRTA, polas súas siglas en catalán) en colaboración co Instituto Vasco de Investigación e Desenvolvemento Agrario (Neiker-Tecnalia®) baseado nos referenciais europeos Welfare Quality® e AWIN®.

Este selo, cuxo nome é a combinación das palabras inglesas *well* e *fair* ['benestar e xusto'], identifica que o produto de orixe animal destinado á alimentación no que está presente foi monitorizado en benestar animal tanto na granxa coma no matadoiro (se procede), obtendo a puntuación mínima requirida. Doutra banda, o cumprimento da ►►

legalidade establécese como requisito para poder acceder á certificación e non como parte da puntuación e utilízase un *checklist* para verificar o seu cumprimento como dobre control ao que xa realizan os veterinarios oficiais. Naqueles países con lexislación menos esixente que a da Unión Europea, aos gandeiros esíxeselles tamén o cumprimento dos mesmos requirimentos aos que están sometidos os da UE.

COMO FUNCIONA A CERTIFICACIÓN?

Os gandeiros que desexan certificarse segundo o selo Welfair™ en benestar animal sométense a unha auditoría por parte dunha entidade de certificación. Esta debe ter os auditores formados segundo establece a Welfare Quality Network e a AWIN® Network, as redes de centros de investigación da UE que velan pola integridade dos protocolos Welfare Quality® e AWIN®. O IRTA, membro da Welfare Quality Network, encárgase de supervisar o correcto funcionamento das empresas de certificación en colaboración con NEIKER, membro da AWIN® Network.

A certificación leva a inspección e supervisión periódica ás granxas e aos matadoiros. Só os centros que obteñen a puntuación mínima nos puntos analizados obteñen a certificación. O informe final de avaliación que obtén o centro non só indica a puntuación final conseguida, que lles permitirá á granxa ou ao matadoiro pasar a avaliación, senón que tamén lle permite ao gandeiro identificar os puntos críticos identificados, de forma que lle serve como ferramenta para aplicar melloras nas súas instalacións e no manexo dos animais.

MEDIDAS QUE SE AVALÍAN EN GRANXAS DE VACÚN LEITEIRO

En explotacións de vacún de leite levan a cabo prácticas diarias de manexo e coidado dos animais que inclúen tarefas tan variadas como o aprovisionamento de alimento e auga, condución á sala de muxido ou aprovisionamento de material de cama, entre outras. En cada unha destas prácticas existen parámetros de benestar animal que se deben ter en conta e que van ser no seu conxunto, con base en rangos

claramente establecidos para cada parámetro e con mostraxes razoables, os cales permitirán ter unha avaliación global do benestar animal da granxa con estándares superiores aos requirimentos legais mínimos.

O sistema de certificación Welfair™ utiliza os protocolos Welfare Quality®, onde se describe como avaliar cada un destes parámetros seguindo a clasificación de principios e criterios que se comentou anteriormente.

Boa alimentación

É moi importante que a vaca leiteira dispoña de suficiente cantidade de alimento e auga en boas condicións, xa que, en caso contrario, se verá comprometido o seu benestar e, ademais, diminuírá a produción. É por iso que o principio de boa alimentación ten en conta dous criterios: ausencia de fame prolongada e ausencia de sede prolongada.

No primeiro caso, o indicador que se utiliza para avaliar o estado de alimentación dos animais é a condición corporal. O protocolo aplica distintas puntuacións en función da aptitude da raza (leiteiras ou de dobre aptitude). En ambos os casos son clasificados como animais con condición corporal correcta, demasiado fracos ou demasiado gordos (foto 1).



Foto 1. Animal avaliado con mala condición corporal

Para o criterio ausencia de sede prolongada non se avalía ningún indicador baseado directamente no animal, senón que os catro indicadores son de instalacións. Así pois, avaliase a provisión de auga mediante o cálculo dos centímetros lineais de bebedoiro dispoñibles por animal en cada curral; a limpeza dos puntos ►►

► OS GANDEIROS QUE DESEXAN CERTIFICARSE SEGUNDO O SELO WELFAIR™ EN BENESTAR ANIMAL SOMÉTENSE A UNHA AUDITORÍA POR PARTE DUNHA ENTIDADE DE CERTIFICACIÓN

de auga clasificándoos en limpos, parcialmente sucios e sucios; o fluxo de auga mediante o cálculo dos litros de auga por minuto en cada punto de auga, e o funcionamento dos puntos de auga diferenciando os que funcionan correctamente dos que non.

Bo aloxamento

No Welfare Quality® o principio de bo aloxamento avalíase conforme a dous criterios: confort no descanso e facilidade de movemento, que incidirán, especialmente no primeiro caso, en medidas baseadas no animal.

Así, el criterio confort no descanso avalíase mediante cinco indicadores: tempo necesario para botarse (cálculase o tempo que tarda o animal desde que inicia o movemento para botarse ata que está completamente botado no chan do curral ou do cubículo); animais que chocan coas instalacións cando se botan (avalíase se durante os movementos que realiza o animal para botarse colide con estruturas que forman parte das instalacións); animais botados parcial ou completamente fóra da zona habilitada para este fin (avalíase se os animais botados teñen o cuarto traseiro dentro, sobre ou fóra do eixe do cubículo ou da cama quente, fotos 2 e 3); estado de limpeza do ubre, os flancos e as patas posteriores (avalíase a presenza de feces líquidas e placas tridimensionais de materia fecal en cada unha das zonas por separado).



Foto 2. Animal botado parcialmente fóra da zona habilitada para este fin



Foto 3. Animais botados dentro da zona habilitada para este fin (a cola non se ten en conta)

O criterio facilidade de movemento avalíase a través da dispoñibilidade que teñen os animais para acceder a unha zona exterior (cálculanse neste caso as horas ao día e días ao ano con dispoñibilidade dunha zona de patio) e se se observa presenza de sistemas con animais atados, polo que en ambos os casos se trata de medidas baseadas no manexo.

Malia que un dos principais problemas de benestar aos que están expostos os animais do noso país durante os meses máis calorosos é o estrés térmico, aínda non se desenvolveu ningún indicador o suficientemente fiable, válido e preciso para o criterio confort térmico en vacún leiteiro. Hai uns anos testouse a frecuencia respiratoria como indicador de estrés térmico, pero non se considerou o suficientemente fiable como para establecelo como indicador para este criterio, debido ás variacións que se atoparon en animais de diferentes razas, en diferentes países e estados produtivos. Na actualidade está a traballarse para incorporar unha medida baseada no animal que permita mellorar esta parte do protocolo e incorporar o criterio de confort térmico aos mencionados de confort no descanso e facilidade de movemento.

Boa saúde

No Welfare Quality® o principio de boa saúde está composto por tres criterios: ausencia de feridas, ausencia de enfermidade e ausencia de dor inducida polo manexo.

A ausencia de feridas valórase a través da avaliación de coxeiras no animal (diferénciase se un animal camiña normal ou se presenta coxeira leve ou severa) e alteracións ►►

► É MOI IMPORTANTE QUE A VACA DISPOÑA DE SUFICIENTE CANTIDADE DE ALIMENTO E AUGA EN BOAS CONDICIÓN

no tegumento (avalíase a presenza de zonas sen pelo e de lesións e inflamacións na pel e nas articulacións).

A ausencia de enfermidade valórase mediante un conxunto de signos clínicos que nos dan unha idea do estado de saúde do animal respecto de enfermidades de tipo respiratorio, dixestivo e reprodutivo, incluíndo os índices de mortalidade da granxa. Nunha mostra de vacas en diferentes estados de lactación e idades obsérvase se os animais presentados (cálculase o número de golpes de tose por animal sobre 2 horas de observación), descarga ocular, descarga nasal (foto 4), respiración dificultosa (respiración profunda e con dificultade, a miúdo acompañada por un son na expiración), presenza de diarrea, descarga vulvar (descarga purulenta na vaxina ou na zona baixa da cola), reconto de células somáticas en leite, número de partos distócicos e número de vacas caídas.



Animais sen descarga nasal nin descarga ocular

No criterio de ausencia de dor inducida por procedementos de manexo, tense en conta se se realiza o descornado/desmochado e o modo en como se fai (se o desmochado se fai con queimador ou pasta, por exemplo), a idade en que se fai (que vai determinar se é desmochado ou descornado) e se se utiliza anestesia e/ou analxesia, pois son fundamentais para ter unha boa valoración neste parámetro). Aínda que o Welfare Quality® tamén inclúe a práctica do corte de colas por ser un protocolo de aplicación mundial, no Welfair™ considérase un criterio de punto final vinculado á lexislación europea e, por tanto, non se certifican granxas que estean a cortar colas nin dentro nin fóra da UE.

Comportamento apropiado

Para a avaliación do comportamento utilízanse os seguintes catro criterios: expresión de comportamentos sociais, expresión doutros comportamentos, relación home-animal e estado emocional positivo.

As vacas son animais sociais que viven en grupo, o que implica que establecen xerarquías que van determinar a orde de acceso aos recursos, xa sexa auga, alimento ou zona de descanso. Canta maior competencia haxa polos recursos, xa sexa espazo, bebedoiros, zonas de sombra ou asolladas (segundo o caso), maiores serán os contactos sociais negativos entre animais, considerando negativo todo aquel contacto que busque apartar outro animal. Para a avaliación do comportamento social, utilízanse, por tanto, os comportamentos chamados “agonistas”. Para iso, obsérvanse os animais durante 120 minutos en diferentes zonas da granxa, onde se avalía se hai presenza de cabezadas, desprazamentos, persecucións e pelexas.

Outro comportamento que se definiu como fundamental polos expertos do Welfare Quality® para as vacas de leite é a capacidade de poder realizar un mínimo de horas de pastoreo, é dicir, ter acceso a pasto para forraxearen. Así, dentro do criterio expresión doutros comportamentos, avalíase se os animais teñen acceso a unha zona de pasto, considerando tanto as horas ao día como os días ao ano que os animais dispoñen deste recurso.



Foto 5. Outro comportamento que se definiu como fundamental polos expertos do Welfare Quality® é a capacidade de poder realizar un mínimo de horas de pastoreo

Outro criterio moi importante a considerar dentro do comportamento apropiado dos animais é que estes teñan unha boa relación cos seus coidadores, xa sexa para ►►

► A AVALIACIÓN COMPLEMENTÁSE COA CERTIFICACIÓN DUNHA BOA TRAZABILIDADE DO PRODUTO, DE MANEIRA QUE SEXA POSIBLE RASTREXALO DENDE A GRANXA ATA A MESA



Foto 6. Outro criterio moi importante é a boa relación cos seus coidadores

facilitar a práctica do muxido, para aplicarles algún tratamento, para o seu transporte ou para calquera outro manexo. Así, avalíase a relación humano-animal mediante un test para detectar cal é a distancia de fuxida dos animais ante la presenza dun estraño, que pode variar desde máis de 2 metros ata animais que permiten ser tocados.

Finalmente, mediante unha técnica validada por investigadores do SRUC e a Universidade de BOKU en Viena utilízase unha avaliación cualitativa do comportamento mediante 20 descritores que serve para ter unha idea xeral do estado emocional global dos animais da granxa, onde se consideran aspectos tales como animais tranquilos ou relaxados, nerviosos, curiosos, asustadizos etc.

O resultado final destas avaliacións é un informe cunha única puntuación froito da agregación de todos os indicadores dos diferentes criterios e principios, que nos dá unha idea global do grao de benestar que teñen os animais na explotación avaliada (insuficiente, suficiente, bo ou excelente). No esquema de certificación Welfair™ en benestar animal a granxa é certificable só se se obtén unha puntuación final de boa ou excelente e cúmprese estritamente coa lei como prerrequisito.

Hai que ter en conta que non existe ningún dos máis de vinte parámetros avaliados que se utilice como criterio de punto final por si só, é dicir, baseándose na idea de que o benestar é algo multifactorial e que non se debe medir cun único

parámetro; ningunha das medidas avaliadas, por moi mala puntuación que teña, penaliza o suficiente por si soa como para afectar á puntuación final de forma absoluta. De feito, non é estraño atoparse con sistemas extensivos onde os animais están menos afeitos ao contacto humano, no que se obtéñen malos resultados na relación home-animal.

Aínda que isto forme parte da idiosincrasia do sistema, é un feito que en animais de produción que deben ser manexados vai ser un problema para o animal e é bo que un protocolo de benestar animal o avalíe e o penalice en comparación a outros animais da mesma especie que permiten un maior achegamento. Así mesmo, nos sistemas intensivos, ao non dispor na maioría dos casos dunha zona de pastoreo, a puntuación para o parámetro de acceso a unha zona de pasto tamén será moi baixa. De novo, pódese argumentar que isto forma parte do sistema de produción, pero nun sistema global de avaliación do benestar animal como é o Welfare Quality® considerouse que este parámetro debía terse en conta. No entanto, ningún dos dous casos, se o resto de parámetros están dentro dos rangos establecidos polo protocolo, impide que se poida obter unha boa puntuación final cando se agregan todas as medidas.

Así, o protocolo combina todos os parámetros avaliados de maneira que se dá unha visión xeral do grao de benestar animal da explotación sen ningún tipo de filtro referente ao sistema de produción, zona xeo-

gráfica ou clima na que se atopen os animais, senón centrándose na vaca como animal. No entanto, o Welfair™ está concibido para ser un nivel de base que permita factores de manexo máis estritos con produtos diferenciados, por exemplo que os animais estean nun réxime ecolóxico ou que teñan que estar necesariamente en pasto. A avaliación baseada nos animais, por tanto, serviría para asegurar que hai un nivel básico de benestar medido nos propios animais e os criterios diferenciadores para poder achegar un manexo concreto demandado polo consumidor e con maior potencial desde un punto de vista do benestar animal.

Por último, cómpre mencionar que a avaliación de benestar animal na explotación complementase coa certificación dunha boa trazabilidade do produto, de maneira que sexa posible rastrexalo dende a granxa ata a mesa, o que lle permite dar un valor engadido ao produto final. ■

MÁIS INFORMACIÓN

Certificación Welfair™: <https://www.animalwelfare.com/>
Protocolo Welfare Quality®: <http://www.welfarequality.net/es-es/informes/assessment-protocols/>